Editorial

como morrer **de xeito** cordial **e** amábel

"Este vaise aquel vaise e todos se van", e quedan as fórmulas que non son outras que as políticas centralistas que o Estado practica coa nosa terra, esenciais, para que esa "entelequia" española continúe a funcionar como fai dende hai séculos e Galiza siga emigrando. Os emigrantes galegos e galegas mantivemos o noso anaco de patria polo mundo adiante, participando en actos culturais, nun equipo de fútbol, nun curso de galego ou transmitíndolles aos noso fillos o legado cultural dos nosos antergos como é a lingua, tamén hai quen colga o cadro do hórreo na oficina da súa fachendosa empresa e, outros, viven o anonimato con pequenas lembranzas da familia e do país que deixaron atrás. Todos levamos esa etiqueta de fábrica migradora galega que non damos fechado, mesmo se temos entre nós algúns inmigrantes.

Non é normal que nun país coa poboación que ten Galiza en pouco máis dos últimos **dez anos, 500.000 galegos/as** fosen contratados para traballar fóra. Hai arredor dun século, Galiza tiña o dobre da porcentaxe de poboación no Estado do que ten hoxe, chegou a case duplicar a poboación de Cataluña, pero hoxe os cataláns son máis do dobre ca nós. Algo parecido pasounos con Madrid pero o feito de seren capital do "imperio"dálles dereitos, mentres Galiza ten só o recurso de emigrar. Seguimos a perder poboación pero, iso si, dun xeito **cordial e amábel.**

O noso idioma debe ser **cordial e amábel**, dixo o señor Feijoo, aínda que suspende a súa entrada a partes iguais co español na escola, baralla a posibilidade de segregación idiomática na escola, elimina o requisito do coñecemento da nosa lingua para o acceso a emprego público, apoia economicamente aos colexios concertados que practican a segregación por sexo... e nós preguntámonos... que ten todo isto de cordialidade? Aínda que isto non é todo, pois as galescolas tamén poderían constituír un perigo para a "integridade española" por levar de logotipo unha casiña cunha bandeira galega, que é moi subversivo, "e podería servir de adoutrinamento político para nenos de 0 a 3

Manifestación do 17 de maio de 2009, a prol do idioma galego. Praza da Quintana.

anos". Unha galiña azul será o novo logotipo (custou máis de 300.000 euros) e cando moitos deses nenos e nenas teñan que buscar traballo fóra de Galiza, farano en lingua **cordial e amábel** sen alporizar o capoeiro.

Toda unha volta atrás para enlazar con tempos e políticas pedagoxicamente non recomendábeis para o noso país pero si para "la doma y castra del Reyno de Galicia". Todo isto cunha cordial e amábel visita, flores incluídas, á tumba de Castelao, que foi entendida pola maioría de galegos e galegas como unha profanación da memoria do político rianxeiro.

Os retornados que botamos media vida fóra e xa levamos anos aquí integrados de novo, ollamos que Galiza aínda non sentou as bases para construír unha sociedade onde a emigración sexa cousa do pasado e non do presente, como en realidade nos está a pasar. Non se entende como se poden dedicar tempo e esforzos, cando debera ser o contrario, para atacar a lingua propia de Galiza, e se deixe de lado o sector económico culpábel da nosa emigración, onde as poucas iniciativas, son para beneficiar aos de fóra.

Nós non deixamos a nosa terra nin polo clima nin por aprender idiomas nin por buscar aventuras. Mil veces repetido isto, Galiza tampouco deixará de producir emigrantes mentres **estea de aluguer e faga de criada na súa propia casa.**

Os emigrantes galegos na Suíza, vemos como esa federación de cantóns respectan entre si a liberdade e a igualdade. Nas placas das rúas, debaixo dos seus nomes, podemos ver o que estes foron: filósofos, médicos, artistas, relixiosos, banqueiros... na Galiza teríamos desgraciadamente, aínda hoxe, que engadirlles, fascistas, ditadores, golpistas... pero as placas destes últimos están respaldadas por xentes e partidos que din "xa non ser desas ideas", pero que as defenden cando se lles lembra que é obsceno telas en lugares públicos nunha democracia. Esquecer e non analizar é o lema destes demócratas.

Sen memoria non hai pasado nin hai futuro. Sen a memoria a vida está fragmentada e sen continuidade, perdemos a capacidade de entendemento e de análise.

A memoria exercítase e transmítese na escola, na casa por vía oral, escrita, arqueolóxica... Galiza nunca exerceu integramente a súa memoria para reconducir os seus erros e acertos e encarar o futuro con valentía e responsabilidade. Os emigrantes galegos na diáspora, os retornados ou os que nunca colleron a maleta para emigrar e que non temos condición de esmolantes ou subordinados, sabemos que as persoas como os pobos non necesitan tutelas, só liberdade e solidariedade..

Carecemos dunha clase dirixente que fixese algo máis que de recadadores de impostos ao servizo da coroa de Castela ou de negreiros das enxurradas de emigrantes cara a América a través das súas casas de contratación, como saída aos seus negocios. Un exemplo disto témolo no libro de Manuel Veiga *O pacto galego na construción de España*, de Edicións A Nosa Terra. Os intelectuais poucas veces se determinan e só o fan algúns comprometidos co país. Os mercenarios da pluma, outrora, moitos deles, enrolados na "gauche revolutionnaire" viven ao día a política dos feitos consumados e descargan os problemas en caldeiros de tinta con toda "liberdade de expresión", enriba do "soberano pobo democrático". Logo uns comen as luras e os de sempre o borro.

Como pobo diferenciado Galiza ten dereitos, e os emigrantes tamén temos dereitos reais, pero sen a manipulación electoralista á que nos teñen acostumados os dous partidos maioritarios na Galiza e que produce noxo mesmo na súa base votante. Precisamos máis esforzo para que galegos e galegas non continúen a diario, nun goteo continuado, baleirando o país de xente. A isto, debemos contribuír tanto os que estamos hoxe dentro como os que aínda están fora.

A reforma do Estatuto galego, sería unha boa ocasión para que Galiza fose normalizando unha anómala situación histórica que o señor Feijoo guindou pola banda. Agora non tería que ir de pedichón a Madrid para que lle dean catro cadelas e botarlle as culpas a Cataluña. O feito de que o Estatuto galego non sexa prioritario, que as caixas de aforros sexan absorbidas por entidades foráneas tampouco teña importancia, que os alcaldes e construtores poidan volver facer das súas coa nova Lei do solo, que sectores vitais como enerxías renovábeis non poidan ter repercusións favorábeis para a nosa economía e si para grandes empresas de fóra do país, di moito do que para o novo goberno da Xunta significa Galiza.

"Se aínda somos galegos é por obra da lingua" Castelao.

O idioma galego é **patrimonio** do pobo e ningún partido político se pode **apropiar** del, segundo di o señor Feijoo. El di querer **protexelo** pero sen levalo á escola igual que o español e o que fai é engaiolar o idioma propio do país para que a xente o siga falando na intimidade como a un paxaro raro e sen deixalo voar. Isto sempre será diminuílo, aínda que sexa dun xeito **cordial e amábel**. A cultura e a economía de calquera país normalizado deben ir sempre unidas. Non é o noso caso. Analicemos e actuemos en consecuencia.

As témporas non quedaron boas para Galiza, pero nunca choveu que non escampara.

científicos galegos **no** exterior **fan público un** manifesto **en defensa da** lingua

Nove destacados investigadores, vencellados ao Centro Europeo de Investigación Nuclear (CERN), dan un paso adiante para rebater prexuízos lingüísticos.

O forte debate sobre a normalización lingüística que se está a dar no noso país nos últimos meses trascende as nosas fronteiras. Un grupo de nove científicos galegos vinculados ao Centro Europeo de Investigación Nuclear (un dos máis prestixiosos do mundo) acaba de dar un importante (polo seu simbolismo) paso adiante en defensa da lingua do país. Nun manifesto que remiten a Vieiros subliñan que, contra o que sosteñen algúns, o galego é un idioma plenamente válido para a investigación científica.

Unha achega ao debate sobre o galego desde o CERN

Somos un conxunto de físicos e enxeñeiros galegos vencellados ao Centro Europeo de Investigación Nuclear (CERN) en Xenebra, a día de hoxe uns dos laboratorios científicos máis importantes do mundo. Desde a distancia, levamos meses asistindo ao debate que se está a xerar sobre a posición que debe ocupar a lingua galega no noso sistema educativo. Esta cuestión está a provocar unha confrontación continua de posturas e opinións que se estende a distintos ámbitos da nosa sociedade. Se ben consideramos este debate lexítimo tamén coidamos que as posturas deben ser mantidas e defendidas desde a máis absoluta rigorosidade, a mesma pola que nós estamos rexidos nas nosas actividades científicas. E vémonos na obriga de intervir cando determinados argumentos que non seguen esta máxima aparecen por parte de persoas cunha opinión que non se restrinxe ao ámbito privado.

En declaracións ao "Faro de Vigo", o voceiro da "Confederación das Asociacións de Pais de Alumnos de Colexios Concertados" (Congapa), José Ramón Hermida, dicía: "Utilicemos el sentido común. Químicas o Físicas, con tantas nomenclaturas internacionales, no se pueden dar en gallego. No podemos retroceder". Ben, for desde a ignorancia, for intencionadamente, declaracións

Sede central do CERN.

deste tipo resultan totalmente inadmisíbeis. E dicimos isto con coñecemento de causa, pois no noso ámbito de traballo estamos acostumados a ter conversas de alto nivel científico de temas moi diversos en galego. Nun entorno no que temos a sorte de traballar con algúns dos mellores físicos e enxeñeiros do mundo, o galego está, modestamente a través de nós, presente como vehículo de comunicación científica. E para isto é un idioma exactamente igual de válido que o francés, o alemán ou, desde logo, o castelán. Ben é certo que o galego non é empregado para as comunicacións nin publicacións científicas a grande escala, pero é necesario que se saiba que tampouco o é o castelán. A lingua franca da ciencia desde hai moitos anos é o inglés, e desde logo se algunha lle discutíu no pasado tal condición esa non foi o castelán.

O noso obxectivo con esta carta é simplemente evitar que se empreguen argumentos falsos (ou falseados) na discusión dun tema tan delicado e importante coma este. E tamén reivindicar o galego como lingua que nos identifica sen excluírnos estando como estamos lonxe da casa.

No CERN en Xenebra, a 26 de Maio de 2009,

- ***Xabier Cid Vidal**, Licenciado en Física.*
- ***Patricia Conde Muíño**, Doutora en Física de Partículas.*
- ***Daniel Esperante Pereira**, Enxeñeiro de Telecomunicacións.*
- ***Teresa Fonseca Martín**, Doutora en Física de Partículas.*
- ***Abraham Gallas Torreira**, Doutor en Física de Partículas.*
- ***Manuel Gallas Torreira**, Doutor en Física de Partículas.*
- ***Marcos Mariño Beiras**, Doutor en Física de Partículas.*
- ***Diego Martínez Santos**, Licenciado en Física.*
- ***Cibrán Santamarina Ríos,** Doutor en Física de Partículas.*

Galiza no novo **sistema** de **financiamento**

Aleixo Vilas Castro, Ribadumia, 1980. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela.

O Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 15 de xullo, vén de aprobar a reforma do Sistema de Financiamento. Tanto nos días anteriores como nos posteriores ao acordo, viviuse un intenso debate centrado na cantidade de recursos adicionais que recibirá Galiza, e consecuentemente, a variación da posición relativa do país no conxunto das comunidades autónomas de réxime común.

Da cantidade que Galiza percibirá a maiores con este novo modelo, nada se sabe de xeito oficial. Así as cousas, Feijoo ten anunciado 590 millóns adicionais, mentres que o PSdeG, que actuou como delegado do Goberno na fase final das negociacións, ten cifrado ese incremento en 620 millóns de euros. Ambos citan o Ministerio de Economía e Facenda como fonte, porén, este non se ten pronunciado publicamente sobre as ditas cantidades.

Tomando como hipótese a liquidación de 2007, (última dispoñíbel e ano base desta reforma) e tendo en conta os 11.000 millóns adicionais que se introducen no sistema, Galiza precisaría de 780 millóns destes recursos adicionais para manter o peso do ano 2007, do 7,1% sobre o conxunto de CCAA de réxime común, e necesitaría 1748 millóns dos recursos adicionais para manter o peso que tiña no ano base do actual sistema, 1999, e que era do 7,8%.

De confirmarse estas cifras, Galiza perdería peso relativo sobre a última liquidación do sistema, de 2007, mais se comparamos co peso relativo que Galiza tiña no ano base do actual sistema, 1999, a perda de peso acentúase,o que amosa a negativa evolución do sistema dende o seu ano base.

A razón fundamental desta perda de peso relativo é que segue sen terse en conta de xeito acaído o custo diferencial que para Galiza representa a dispersión. No sistema aínda vixente, esta ponderaba un 1,2% no bloque de competencias comúns, mentres que coa reforma, pasará a ponderar un 0,6% nas competencias fundamentais, e isto supón un menor peso relativo da dispersión sobre o conxunto do sistema.

Ademais da cantidade que percibirá o país, cómpre ter en conta que esta reforma do Sistema de Financiamento ofrece diferentes prismas de análise, que acometemos a continuación.

A importancia de ter novos Estatutos

Se algo demostrou o proceso de reforma do sistema de financiamento foi que o feito de ter Estatutos de Autonomía aprobados condicionou o proceso negociador. Nomeadamente ocorreu con Cataluña. O Congreso dos Deputados deitou o mode-

lo de financiamento que contemplaba o Estatut de Cataluña saído do Parlament, frustrando así un cambio cualitativo que lle permitiría acadar unha ampla soberanía financeira. Porén, o Estatut definitivo si que conseguiu introducir cláusulas que situaron a Cataluña nunha posición vantaxosa e de liderado ante a reforma que vén de culminarse. Moi diferente á situación do noso país, onde a obstrución do agora presidente Feijoo imposibilitou dotármonos dun estatuto que fixase garantías para Galiza no tocante ao financiamento.

Tímido incremento da capacidade normativa

O novo sistema ofrécelles ás comunidades autónomas avances en materia de competencia normativa nos tributos, especialmente no IRPF, no relativo á modificación dos mínimos persoais e familiares, na aprobación da escala autonómica do imposto e en deducións na cota. Se ben hai que consideralo como un elemento positivo, trátase dun avanzo totalmente insuficiente de cara a que Galiza poida deseñar unha política fiscal propia.

Incrementan as porcentaxes de cesión dos tributos

O novo modelo incrementa as porcentaxes de cesión ao 50% no IRPF e IVE, e 58% nos impostos especiais, xeneralizando deste xeito as porcentaxes establecidas no Estatut de Cataluña. Estas porcentaxes permiten que Cataluña ou a comunidade de Madrid autofinancien as súas competencias, mais para que Galiza puidese acadar suficiencia financeira, precisaríamos unhas porcentaxes de cesión de ao redor do 82% do IRPF, IVE, e impostos especiais. Deste xeito, Galiza

Ria de Arousa. Salnés.

Peirao de San Tomé. Cambados.

non precisaría completar o seu financiamento mediante transferencias.

Neste senso, cómpre recordar que, ante interpretacións falsas e interesadas da realidade, Galiza ten capacidade recadatoria para financiar por si mesma as competencias da Xunta. Atendendo á liquidación do "Sistema de Financiamento" do ano 2007, observamos que para financialas, o sistema achega, sumando os recursos tributarios e transferencias, 8.129 millóns de euros, porén, a carga tributaria que Galiza soporta é aproximadamente de 12.300 millóns de euros. Estas cifras amosan ás claras que non existe o falso e pretendido mito da "solidariedade" nos sistemas de financiamento, posto que, se Galiza completa o seu financiamento mediante transferencias, isto débese en exclusiva a que o noso país non ten as porcentaxes adecuadas de cesión de impostos.

Rómpese a nivelación

No sistema vixente até a actualidade cada comunidade obtiña recursos dependendo das súas necesidades de gasto calculadas e, polo tanto, independentemente da súa capacidade recadatoria. Non obstante, nesta reforma, isto só ocorre nos servizos públicos chamados fundamentais, o cal racha coa pretendida equidade do sistema.

Outra vez con vocación de permanencia

Fronte aos anteriores sistemas de financiamento, con vixencia quinquenal, o sistema aprobado en 2001 foi o primeiro que nacía con vocación de permanencia e perpetuidade. Porén, as eivas do seu deseño e, sobre todo, a presión das comunidades con condicións relativas ao financiamento nos seus recentemente aprobados estatutos fixo afrontar a súa modificación. E esta reforma reincide no mesmo erro, só contemplando unha avaliación dos seus elementos estruturais cada cinco anos.



Estado e Autonomías

Nun estado pretendidamente descentralizado pero impregnado dunha forte visión centralista, as CCAA teñen que calcular as súas necesidades de gasto, mentres que a Administración Central do Estado pode gastar ao seu libre albedrío. Así, na actual distribución dos recursos públicos entre as administracións, é a estatal a que está sobrerrepresentada, posto que absorbe máis do 50% destes recursos. Existen ministerios cuxa razón de ser é a de interferir nas políticas autonómicas e intentar solapar as súas competencias. Temos os exemplos en Cultura, Vivenda ou Educación.

Ademais, a demanda dos servizos que presta o ámbito autonómico, como a sanidade, a educación ou os servizos sociais, experimentaron un forte incremento nos últimos anos, mentres que tarefas e competencias propias da administración central, como a defensa ou a representación exterior, non incrementaron a súa demanda. Porén, esta cuestión non está contemplada nesta reforma.

Polo tanto, parello ao proceso de reforma do sistema de financiamento, debería levarse a cabo a racionalización e simplificación da estrutura da Administración Central, liberando novos recursos. Os 11.000 millóns adicionais para o sistema, sendo un elemento positivo, non obedecen a esta concepción de racionalización e das administracións do Estado, senón á presión política exercida principalmente por Cataluña. Doutra banda, sendo unha cantidade considerábel, é unha cifra que se queda curta para garantir unha prestación acaída dos servizos fundamentais que se prestan desde o ámbito autonómico.

Conclusións

O rexeitamento por parte das forzas españolistas do modelo de financiamento baseado na soberanía fiscal que contemplaba o Estatut aprobado no Parlament de Cataluña frustrou unha aspiración inherente a calquera nación que queira exercer o seu autogoberno, e acoutou o marco da reforma do sistema a retoques dentro da mesma filosofía e concepción que os anteriores. A reforma contempla elementos positivos de cara a un maior “desenvolvemento autonómico”, como a maior capacidade normativa no IRPF, as maiores porcentaxes de cesión de tributos e maiores recursos no conxunto do sistema. No entanto, estes avances non supoñen ningunha muda cualitativa en termos de maior soberanía financeira, e segue a reproducir un Estado fortemente centralizado dende o punto de vista do ingreso.

Pero incluso dende a lóxica do españolismo, centrada no cálculo das necesidades de gasto das CCAA, o sistema é prexudicial para Galiza, posto que con respecto ao conxunto das CCAA de réxime común, perde peso relativo con este modelo, e a razón fundamental é que segue sen terse en conta de xeito acaído o custo diferencial que para Galiza representa a dispersión.

A emigración galega en perspectiva histórica

Pilar Cagiao Vila
Profesora Titular de Historia de América na Universidade de Santiago de Compostela.

Galicia foi tradicionalmente un país de emigración e só moi recentemente parece haber virado esa tendencia comezando a verse involucrada nun proceso de sino contrario a través do cal inmigrantes de distintas procedencias empezan a salpicar a súa xeografía e a enriquecer a súa sociedade. O fenómeno da emigración galega na etapa contemporánea constitúe un elemento fundamental do seu proceso histórico que afectou todas as facetas da vida económica, política e social do país. Comprendeu dúas grandes fases: a primeira delas, que tivo fundamentalmente América como destino, abarcou desde a segunda metade do século XIX até 1930. A segunda, aberta a finais dos anos coarenta tras o tráxico exilio que como consecuencia da guerra civil conducíu a tantos españois –e por ende a numerosos galegos- a unha emigración forzosa, culminou a fins da década dos sesenta tomando Europa e determinadas zonas do estado español o relevo como destino principal das migracións producidas desde Galicia.



Particular
DELEGACION DE LA CORUÑA

PEREZ

N.º NAC.
INGLATERRA N.º DEL.

Don Mª Dolores PEREZ FROJAN
Natural de Noya Provincia La Coruña
Nacido el día 10 de mayo de 1944 Años 19 años
Estado soltera Profesión doméstica
Domicilio Noya- Rasa Parroquia
Acompañado de nadie

Embarque puerto La Coruña Fecha 15-12-1963 Por ferrocarril
Desembarque
Residencia

Reclamado por: Nombre Broomgield Hospital,
Dirección Broomfield, Chelmsford, Essex
Profesión Parentesco
telefono: Broomfield 323

Resulta indudable que a primeira vista a emigración, e os térmos masivos en que se producíu durante décadas – en Galicia chegou a alcanzar a máis dun millón de persoas desde 1870 en adiante-, foi para moitos a única escolla ante a imposibilidade de desenvolver un proxecto vital na terra de orixe coas inevitables consecuencias derivadas do fenómeno: pérda de man de obra, desestructuración familiar, desequilibrio social, ralentización do desenvolvemento industrial... Ademais, mentres non estivo regulamentada – etapa durante a cal o fenómeno tiña xa en Galicia unha longa andaina e se producira fundamentalmente en dúas direccións: cara a propia Pe-



nínsula Ibérica (Castela, Andalucía e Portugal) e cara o continente americano-, foron moi frecuentes as condicións infrahumanas das que eran vítimas quen clandestinamente se trasladaban cara Ultramar. E aínda que esta situación mellorou a partir de diversas leis que a regularon, durante longo tempo continuou tendo connotacións tráxicas para os seus protagonistas.

Foi a partir da segunda metade do século XIX cando, ademais da continuidade dos traslados internos, os movimentos migratorios galegos de destino americano tomaron verdadeira carta de natureza. Como noutros lugares de Europa, e relacionada coa expansión do capitalismo sobre sociedades de corte tradicional, a emigración adquiriu en Galicia a dimensión e as características dun verdadeiro fenómeno masivo impulsado por causas demográficas, económicas e sociais. Entre os diversos factores que propiciaron a emigración galega cabe sinalar o predominio dunha sociedade eminentemente rural, a insuficiente modernización dos sectores produtivos que conviviu co desartellamento das economías tradicionais por causa das esixencias do sistema capitalista, así como as peculiares características dun sistema de propiedade da terra típico do Antigo Réxime. No entanto, estes elementos proporcionan tan só unha parte da explicación da persistencia secular do fenómeno migratorio en Galicia. A eles habería que engadir a expectativa que para os emigrantes supoñía o seu traslado a outras latitudes donde se demandaba abundante man de obra en consonancia coas numerosas necesidades de sociedades novas en proceso de expansión. Neste senso, as oportunidades proporcionadas polo crecemento económico dos países americanos operaron como factores de atración que influíron na cantidade e a dirección dos fluxos migratorios cara diferentes destinos. Pero no momento de elexir un ou outro país, ademais deses factores de atracción, funcionaron moi activamente certos mecanismos que facilitaron extraordinariamente a elección dun destino concreto. Aínda que non era sinxelo emigrar, os lazos sociais derivados da vecindade ou o parentesco provocaron o feito de que á hora de facelo sucesivas xeracións dunha mesma orixe xeográfica elixisen idéntico destino en América, o que condicionou diferentes aspectos da incorporación ás novas sociedades como a inserción no mercado laboral e os primeiros costumes de sociabilidade. Así, as denominadas *cadenas migratorias* foron determinantes na difusión da información e no deseño de estratexias familiares e persoais. Por outra banda, a modernización dos transportes e o conseguinte abaratamento do prezo das pasaxes marítimas constituíron outro dos mecanismos que contribuíron a extender a chamada *fiebre de la emigración* xunto coas redes de recrutamento profesionais. Axentes dalgúns gobernos americanos e dos empresarios empregadores, así como das propias casas consignatarias de buques, os denominados popularmente *ganchos*, captaban emigrantes recibindo por iso comisións importantes. Despois viña o barco e todas as vicisitudes da viaxe que non resultaba ser en absoluto un cruceiro de pracer.

O fenómeno migratorio no seu conxunto estivo dominado pola saída de individuos varóns en idade laboralmente activa, de maioritaria extracción campesiña e unha tasa de alfabetización relativamente elevada, entendendo por isto as habilidades máis básicas, o que certamente pode resultar discutible á hora de determinar o grao real de instrución que posuían. Este perfil xenérico da maioría dos emigrantes durante a etapa pioneira do período masivo tivo evidentes consecuencias na extraordinaria feminización e envellecemento da poboación do medio rural galego que persistíu durante décadas.

Cando os galegos adquiriron a condición de inmigrantes tiveron que pasar por un necesario proceso de adaptación que puido ser máis ou menos longo e costoso se-

Traballadores galegos nunha xastrería propiedade do galego Manuel Cendón. México, 1925.

gundo cada caso, cada época e cada país. Os primeiros tempos foron en xeral os máis difíciles por sentirse alleos a canto lles rodeaba, desde o clima á xeografía, o medio rural polo urbán, os costumes e as novas pautas de comportamento, circunstancias que por simples que parezan supuxeron para moitos auténticos cambios apreciables xa desde o momento da chegada. A busca do primer emprego representou sen dúbida o reto maior, sobre todo para quen carecían de contactos previos. En moitas ocasións –e máis acusado aínda no caso das mulleres cuxa inserción laboral estivo caracterizada polas formas irregulares de emprego e a economía sumerxida relacionada cos niveis máis baixos da escala ocupacional-, houberon de conformarse cos traballos menos remunerados e de peor consideración social. Noutras, as relacións de paisanaxe facilitaron máis as cousas no relativo á incorporación ao mercado laboral nas novas sociedades provocando que grupos numerosos dunha mesma procedencia monopolizasen ramos de produción e profesións concretas. Pero en todos os casos, o papel xogado polas prácticas de aforro en calquera que fose a actividade económica desenvolvida foi un común denominador para todos os inmigrantes desde o día mesmo da súa chegada presidido polo desexo de voltar aínda que non sempre chegou ser posible. Para algúns dos que permaneceron, o esforzo culminou a veces exitosamente co triunfo económico e o ascenso social.

As poboazóns galegas desprazadas –xunto con continxentes doutras procedencias-, representaron un elemento sumamente valioso na construción doutras sociedades. Algunhas das americanas, por exemplo, non poderían ser comprendidas sin tomar en consideración o que a inmigración – e por suposto non só a galega- significou como aporte ao desenvolvemento económico, social e cultural das mismas. Máis aló destas contribucións, as repercusións da emigración deixaronse sentir tamén en Galicia. Desde unha perspectiva que podería ser calificada de "optimista" tivo consecuencias en relación co proceso de modernización do país no seu sentido máis amplo. A emigración acelerou cambios como os que caracterizaron a consolidación de certos sectores da burguesía comercial das cidades-porto de Galicia, ao tempo que contribuíu, xunto con outros aspectos, á liquidación do réxime foral e ás melloras técnicas agrarias e industriais grazas ás remesas económicas procedentes da diáspora que, por outro lado, fomentaron tamén o sector financieiro. Desde outros pontos de

vista, emigración e retorno, como fenómenos de ida e volta que conviviron no tempo, provocaron cambios na sicoloxía colectiva, nos costumes sociais e na aceleración do proceso de instrución en Galicia. A educación por entonces era case un privilexio insuficientemente proporcionado polo Estado polo que grazas ás escolas financiadas desde América polos emigrantes galegos -máis de trescentas repartidas por toda a xeografía galega- puideron escolarizarse miles de nenos do medio rural ao longo de varias xeracións.

A partir de 1930, e como consecuencia da primeira gran crise internacional que diminuíu a demanda laboral americana e implementou políticas restritivas á inmigración, as correntes migratorias dese deteñen, aínda que non definitivamente, ao tempo que aumentan os retornos. Tras a Guerra Civil, e incluso durante a mesma, se producíu unha emigración que tivo as características dun verdadero exilio político. E aínda que pola súa peculiaridade se alonxa dos modelos das emigracións económicas, no caso de Galicia os lazos estabelecidos cos emigrantes que desde a etapa masiva xa residían nos países americanos convertiron ao novo continente nun dos destinos privilexiados para quen tiveron que exiliarse. Estas relacións familiares, máis aló incluso das accións institucionais, permitiron a moitos galegos estabelecerse en diferentes países americanos. Algúns puideron saír directamente cara América, mentres que noutros casos o fixeron tras un paso previo por Portugal, Alxeria, Reino Unido e sobre todo desde Franza.



Embarque de emigrantes no peirao da dársena da Coruña.

Nos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial reanúdanse as correntes migratorias cara América con algunhas diferencias respeto da primeira etapa. Nesta nova emigración, relacionada en moitos casos coas redes estabelecidas durante o período anterior e na que mediaron en moitas ocasións convenios intergubernamentais, houbo unha participación feminina moito maior ao tempo que, polo seu carácter máis familiar, involucrou a unha importante cantidade de nenos. Galicia continuou aportando entre 1946 e 1964 as máis altas taxas migratorias ultramarinas do conxunto español. Algún dos elementos que explican o mantemento dos fluxos, ademais por suposto da persistencia de factores de atracción desde certos países americanos, están relacionados coa acción do Comité Intergubernamental para las Migraciones Europeas (CIME) creado en Bruxelas en 1951 que estabeleceu *Planes de Reagrupación Familiar* nos que España comezou a participar cinco anos máis tarde desde que en xullo de 1956 foi creado o Instituto Español de Emigración. Na súa actividade, e propiciado polo Concordato asinado entre o réxime franquista e a Santa Sede tres anos atrás, o IEE contou coa activa colaboración da coñecida como Comisión Católica Española de Migración (CCEM) que contribuíu durante un tempo ao mantemento da corrente ultramarina facilitando a localización dos emigrantes xa radicados en América, así como a tramitación das reclamacións a quen desexaban marchar, moi especialmente nos casos de reunificación familiar. A emigración galega desta época, ademais dos destinos tradicionais, entre os que Cuba desparece como tal, comezou a dirixirse a países que ata entonces no foran contemplados como destino -sobre todo Venezuela e moito máis puntualmente Canadá- ata que América foi relevada e Europa converteuse na receptora principal dos nosos emigrantes.

Este novo éxodo que cobrou extraordinario pulo a partir dos anos sesenta, motivado pola necesidade de obter man de obra nos sectores da industria e servizos non cubertos polos traballadores autóctonos nalgúns dos países europeos, conviviu co dirixido ás áreas máis industrializadas do estado español (Asturias, Madrid, Euzkadi e Cataluña), ademais dos fluxos constantes desde as zonas rurais ás cidades do eixo costeiro da propia Galicia (Ferrol, A Coruña e Vigo).

A emigración cara Europa, incentivada polas expectativas de mellora salarial e de aforro, estivo enmarcada nos diferentes tratados de contratación laboral que España asinou con algúns países (Bélxica en 1956, Alemaña en 1960, Franza, Holanda e Suíza en 1961). Aínda que o novo fenómeno afectou inicialmente á poboación masculina, as mulleres galegas pronto se incorporaron ás ofertas proporcionadas polo mercado laboral europeo e no caso do Reino

Unido sobrepasaron o número de homes. As saídas cara Europa, e o consecuente envío de divisas en dirección contraria, rexistraron un alza importante entre 1961 e 1973, agás o ano 1967 no que Alemaña, principal país receptor de emigrantes galegos, víuse afectada por unha forte recesión económica. En termos xerais, desde mediados da década dos sesenta, Suíza recibíu case a cuarta parte da emigración galega de destino europeo e practicamente constituíu a opción exclusiva para os emigrantes dalgúns municipios galegos. A partir da crise económica de 1973 derivada da alza do prezo do petróleo, se percibe un claro descenso e incluso un claro aumento nas cifras de retorno que, tras un repunte puntual de saídas operado entre 1974 y 1975, se agudiza definitivamente nos anos oitenta favorecendo a expansión industrial e empresarial galega. Non entanto, as estatísticas da Dirección General de Emigraciones desa década e a metade da seguinte amosan que, aínda que moi aminorada respeto de etapas anteriores e en descenso progresivo, aínda persistía entonces a emigración asistida cara varios países europeos dominando dentro dela a de carácter temporal. Esa realidade convivía non entanto co paulatino aumento de baixas acreditadas nos diversos consulados españois deses países que acreditan un nivel importante de retorno desde o ámbito europeo. O contraponto deste feito, que xunto cos retornos doutras áreas peninsulares deu lugar a saldos positivos nalgunhas poboacións galegas durante esa etapa, atópanse nas saídas cara as Illas Canarias e de modo máis puntual cara as Baleares e algunhas zonas do Levante español, motivadas polo auxe do turismo e a construción deses lugares. Os datos oficiais de carácter estatal indican por outra banda que ao retorno dos anos noventa producido desde Europa (Suíza, Alemaña e Franza) engadíuse o dalgúns países latinoamericanos que foran receptores da emigración galega.

De feito, máis do 90% dos individuos procedentes do estranxeiro chegados a Galicia na década dos noventa, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, eran galegos de nacimento, mentres que o resto naceran noutros países aínda que nese monto tamén se incluíron a fillos de galegos nacidos no exterior. A maioría dos retornados á altura de 1996, e esa tónica continuou ata o ano 2000, procederon de Europa, correspondendo o primer lugar a Suíza, seguida de Alemaña e Franza. Pola súa banda, o maior número de baixas consulares dos países americanos con destino a Galicia no mesmo periodo correspondese con Venezuela e Arxentina, países que se viron afectados neses anos por crises económicas e políticas que actuaron como factores de expulsión determinantes no retorno de moitos emigrados.

Calquera que sexa a súa procedencia, no caso dos retornados, ou calquera que sexa o lugar no que residen os que non voltaron, Galicia mantén aínda hoxe en día, unha débeda impagable con todos eles e non debe esquecer o que para o país significou a emigración.

Breve visión **sobre a agricultura** galega

Manuel Da Cal Vasques
Enxeñeiro Técnico Agrícola

O noso sector agrario ten sufrido grandes cambios ao longo os últimos cincuenta anos. Así, a nosa agricultura pasou de ser unha agricultura de autoconsumo e de subsistencia a unha agricultura integrada no sistema de produción capitalista, proceso que veu acompañado do fenómeno migratorio. Isto implicou pasar dunha poboación activa agraria próxima ao 80 por cento de inicios dos anos 50, a menos do 10 por cento do momento presente.

O proceso de conversión dunha agricultura precapitalista nunca integrada no sistema capitalista, como fica dito, implicou a desertización de moitas zonas de Galiza, principalmente das do interior, mais non só estas. Nos anos 60 e 70 do século pasado o método empregado foi a emigración a Europa e xa nos finais do século XX a emigración a outras zonas do Estado español por un lado e por outro mediante un proceso de reconversión salvaxe. Este proceso foi levado a cabo polo Goberno do PP dirixido por Manuel Fraga Iribarne, ao promover o abandono da actividade agraria, coa xustificación prexuizosa de que unha sociedade cunha elevada taxa de poboación agraria é unha sociedade atrasada.

Este foi o panorama co que se encontrou o nacionalismo galego cando en agosto de 2005 tivo de asumir, por primeira vez na historia deste país, a responsabilidade de xestionar a política agraria galega, en concreto a Consellería do Medio Rural.

O balanzo dos aproximadamente tres anos e medio en que o nacionalismo ostentou esa responsabilidade ten loxicamente aspectos positivos e negativos, mais a verdade é que se debe recoñecer que pesan máis os acertos que os erros cometidos. O primeiro paso dado pola Consellería foi o de restablecer o diálogo co sector, que co PP ficara desmantelado, constituíndo o Consello Agrario Galego e convocando de novo as mesas sectoriais de diálogo (mesas do leite, do viño, da carne etc.).



Entre os acertos de carácter estrutural ou estratéxico cabe destacar, a posta en marcha do Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL) e as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), dúas medidas destinadas a mobilizar a superficie territorial.

No caso do BANTEGAL o obxectivo que se perseguía era pór superficie agraria útil a disposición das explotacións co fin de diminuír os seus custos de produción, ampliando a súa base territorial e deste xeito terían menos necesidade de comprar alimentos para o gando de fóra da explotación. Outro dos propósitos era intentar asentar poboación nova no rural propiciando a incorporación de xente moza e de mulleres.

As UXFOR tiñan como fin revitalizar e pór en valor o monte galego, favorecendo un mellor aproveitamento da súa multifuncionalidade, ao tempo que se propiciaba unha xestión colectiva das propiedades forestais incluídas na UXFOR.

Nesta mesma dirección, de potenciar as nosas capacidades produtivas, é de destacar o establecemento dunha liña de axudas, exclusiva da Galiza, denominada Contrato de Explotación Sustentable (CES). Liña de axuda que vai destinada a aquelas explotacións que fagan unhas prácticas culturais máis viables, sustentables e respectuosas co medio ambiente. Desta maneira moitas explotacións, fundamentalmente de leite, cunhas cargas gandeiras moi altas (moitas cabezas de gando por hectárea) e moi dependentes da compra de alimentos de fóra da explotación, por esta vía aumentando a súa superficie territorial por medio do BANTEGAL, ou por outros medios, poderán acollerse a esta axuda e auméntase a súa superficie de pastos, co que por un lado conseguen diminuír os seus gastos e por outro recibir unha axuda por acollerse ao CES.

É de destacar tamén o esforzo feito por establecer e consolidar relacións contractuais (contratos homologados) entre os distintos sectores produtivos (viño, pataca, castaña e leite) e as industrias transformadoras.

Un dos sectores máis necesitados de fixar contratos homologados é o do leite, mais a actitude contraria das empresas de ámbito estatal e a oposicións dalgunha organización agraria, así como os intereses políticos do PSOE, servíndose do Ministerio de Agricultura do Estado español, entorpeceron a implantación deste contrato auspiciado pola Consellería do Medio Rural nos primeiros meses do ano 2008. Así, a situación presente deste sector, a maiores da conxuntura que se está dando na UE, está sendo moi delicada.

A día de hoxe sóubose da noticia de que se vén de asinar un acordo en Madrid para a posta en funcionamento dun contrato homologado para o sector do leite. Chama a atención por un lado que as mobilizacións se fagan en Galiza e en cambio as negociacións se fagan en Madrid, e por outro que un contrato homologado en mellores condicións e con máis garantías xa se tiña alcanzado na Galiza co modelo de contrato do ano 2008, e todo isto perante a pasividade do actual Goberno Galego, que asiste indiferente á crise que está a padecer o sector leiteiro galego.

Quixera rematar cunha pequena reflexión a respecto do papel da agricultura. Esta reflexión parte de que a agricultura entendida no seu sentido máis amplo é unha actividade esencial para a existencia da humanidade, xa que é a fonte fundamental, xunto coa pesca, da súa alimentación. Todos os seres humanos teñen dereito a ter cubertas as súas necesidades básicas (alimentación, sanidade, educación etc.), o que torna imperativo aos poderes públicos garantir que se cubran as necesidades alimentarias da súa poboación.

Nestes momentos de crise económica e social estamos a contemplar como por parte dos distintos gobernos se intervén nos sectores que eles consideran esenciais para as súas economías. Así, vemos como se ten saído en apoio de sectores como o da banca privada ou o da automoción inxectando cantidades enormes de diñeiro público, mais pola contra estamos a ollar como un sector produtivo tan transcendental para a propia existencia da humanidade, como o da agricultura, está sendo abandonado ao hipotético "libre mercado", o que está a provocar a súa ruína, e o que é aínda máis grave, pondo en perigo a seguridade e a soberanía alimentar a que teñen dereito todos os pobos do mundo, ao verse obrigados a importar cada vez mais cantidades de alimentos.

A soberanía alimentar debe ser entendida non só como o dereito dos pobos a produciren os seus propios alimentos e deseñar as súas propias políticas alimentares, senón tamén como o deber e o compromiso dos labregos e labregas a producir alimentos sans, seguros e de calidade para o conxunto da sociedade. A soberanía non é, nin debe ser, sinónimo de autarquía alimentaria, senón de relacións de intercambio entre os pobos en pé de igualdade.

A **Galicia** que **foi**



Olegario Sotelo Blanco
Empresario e escritor

Neste século XXI seguimos a falar da nosa terra, de Galicia. Detrás deste nome podemos atopar hoxe unha realidade moi diferente da Galicia que se configurou ao longo dos séculos. Certamente, Galicia foi dende sempre o resultado dun difícil equilibrio entre a emigración e a subsistencia, é dicir, os emigrantes foron os que contribuíron decisivamente ao sustento das familias que quedaban na aldea de varias maneiras: retornando eles mesmos das terras americanas con cartos, enviando diñeiro, roupa ou financiando as construcións de escolas nas que poder educar os rapaces nas súas aldeas, pois estas carecían de todo tipo de recursos.

Este equilibrio funcionou durante séculos e, ao longo de trescentos anos, permitiu a permanencia da nosa Galicia de sempre; unha Galicia posuidora duns sinais de identidade que foron o cultivo en minifundios, a gandaría e unhas formas de traballo herdadas dos maiores: o arado romano podería ser o símbolo do xeito de traballar, xa que pasaba de pais a fillos. A emigración permitiu que este mundo seguise vivo ata ben entrado o século XX, máis concretamente ata a década dos anos sesenta. Chegados a este punto, prodúcese unha brusca ruptura deste equilibrio e o conseguinte cambio de elementos esenciais da nosa identidade. Os emigrantes deixaron de retornar ás aldeas de orixe e, se o facían, sería só

Belesar.

na época de vacacións ou mentres vivisen os pais. Se algúns deles decidían retornar a Galicia, faríano mercando pisos en Vigo, na capital da provincia ou na vila. Polo tanto, as aldeas quedaron progresivamente deshabitadas nun proceso que chega ata os nosos días.

A esta situación de abandono contribuíron tamén outros factores que considero que foron fundamentais. Vexamos: as políticas de repoboación forestal dirixidas dende Madrid romperon o equilibrio natural do noso territorio, é dicir, as terras cultivadas de centeo ou os pastos para o gando pasaron a ser grandes extensións de bosques que non permitían xa a subsistencia e provocaban, polo tanto, máis emigración, pero nesta ocasión por causas ben distintas. Paralelamente no tempo hai que ter en conta o seguinte factor: moitas aldeas tiveron que ser abandonadas por mor da construción dos grandes encoros. Estes asolagaron aldeas enteiras, grandes superficies de pastos e leiras cultivadas co único obxectivo de xerar unha produción eléctrica que deu grandes beneficios ás compañías eléctricas e que logo investiron fóra de Galicia. A suma de todos estes factores é o que explica a situación actual e o conseguinte cambio da nosa identidade como país.

É difícil de entender como en tan pouco tempo se produciu en Galicia unha transformación desta magnitude. Non podemos esquecer que ata os anos setenta do século XX a poboación rural de Galicia representaba máis do 70% da totalidade da poboación galega. Esta porcentaxe era un fiel reflexo da nosa forma de vida, de traballo e de subsistencia. Pero esta situación desaparece bruscamente dando paso a un mapa social actual que pouco ten que ver con aquela situación de tempos pasados. Cómpre dicir que este proceso de degradación do mundo rural coincide, paradoxalmente, co que podiamos cualificar como a chegada do progreso, é dicir, substituíuse o arado romano por modernos tractores, construíronse novas vías de comunicación, chegou a luz eléctrica a moitas aldeas e, máis tarde, o teléfono, fixéronse tímidos experimentos á hora de facer a concentración parcelaria, a cal, por chegar tarde e mal, tivo pouca solución de continuidade. Esta renovación tecnolóxica produciuse, en definitiva, a destempo, cando xa faltaba a poboación rural que podía facela produtiva porque masivamente emprendera o camiño da emigración a Europa ou a zonas do propio Estado español: un camiño xa sen retorno posible. Os poucos labre-

gos que seguiron vivindo nas aldeas acabaron competindo nunha absurda guerra de mercar maquinaria agrícola que custaba moitos cartos e que non eran capaces de facer rendible porque seguían a traballar de forma individual e íase producindo un sobrante de maquinaria que en moitos casos supuxo un investimento inútil e non un factor de estímulo da vida rural.

O resultado final deste lamentable proceso non é outro que a perda da nosa cultura tradicional en ámbitos tan fundamentais como os oficios, as formas de traballo, a forma de vida, o patrimonio arquitectónico rural e, mesmo, o uso regular da nosa lingua, que, como é ben sabido, durante séculos mantiveron viva fundamentalmente os nosos campesiños e mariñeiros. É preciso dicir que estou falando aquí de perda e non de transformación, porque o que se produciu nos últimos tempos foi unha descapitalización non só humana, senón da cultura tradicional en todos os termos xa sinalados. Un só aspecto parece salvarse deste verdadeiro cataclismo e vai asociado coa morte: estoume a referir á vitalidade que, curiosamente, continúan a ter os cemiterios das nosas aldeas. Estes recintos acollen mausoleos e tumbas daqueles aldeáns que un día tiveron que emigrar. Por desgraza, estas persoas deixaron que as casas se convertesen en ruínas pero, pola contra, si que se preocuparon en vida de se dotar dunha morada digna para a eternidade. Sería este o último doloroso paradoxo dun proceso que non debería de producirse nunca, pero cuxas consecuencias negativas padecemos os galegos de hoxe e, posiblemente, as novas xeracións porque, cando as aldeas son unha pura ruína e os campos semellan escenarios da desolación, dificilmente podería pensarse na salvación delas a través do turismo rural, porque este carecerá dos alicientes básicos dunha flora e dunha fauna que foron únicas e que tamén foron desaparecendo. Ás aldeas xa non veñen como antes nin as andoriñas nin o cuco, apenas hai coellos ou perdices, os ríos case non teñen troitas porque seguramente esta fauna se viu na obriga de emigrar do mesmo xeito que fixeron as persoas.

de **volta** coa **emigración**

Xan Fraga Rodríguez
Profesor, historiador e escritor.

É difícil, por non dicir imposible, entender os séculos XIX e XX sen comprender o tema da emigración na súa globalidade e complexidade.

Analizar a emigración significa sobre todo investigar nas causas económicas de tal fenómeno, que en cifras globais levou nos séculos citados dous millóns e medio de galegos a buscarse a vida fóra do seu país.

A emigración galega na segunda metade do século XIX por exemplo adquire cifras en termos porcentuais que a sitúan como a segunda máis extrema:

1-Irlanda: .....46,18% da poboación
2-Galicia: 20,11%
3-Italia:.....12,14 %

Como se di nun informe sobre a emigración da Sociedad Económica de Amigos del País, de Santiago de Compostela (1881):

...As causas da emigración galega nen dependen do exceso de povoación, nen da esterilidade do território, nen do espírito desasosegado e un carácter inquedo e aventureiro da súa raza que arrastre ao habitante deste território a preferir outros países ao seu.

Non é este o lugar para abordar en profundidade as causas económicas de tal éxodo, hai excelentes traballos científicos ao respecto (por exemplo os do profesor Xosé Manuel Beiras) pero no estaría de máis lembrar os clásicos da literatura galega que atacaron o fenómeno desde as súas obras dende Rosalía de Castro a Ramón Cabanillas, pasando por Curros Enríquez:

A EMIGRACIÓN
Cando nas noites de luar caladas
via unha estrela polo ceo correr,
dicía miña nai, cas maus direitas:
"¡Dios te guie con ben!"

Dende entón cando vexo que un galego
a terra deixa onde infelis naceu
e achego busca noutras praias, digo:
"¡Guiéte Dios!", tamén.

Non o culpo, ¡coitado!, non o axo,
non pido pragas nin castigos para el,
nin de que é dono de coller me esquezo
para onde lle conviñer.

volvidas do Estado español como Cataluña ou o País Vasco.

A pesar de que coa crise de 1973 comezou a declinar a emigración galega, aínda terá nos últimos anos do século XX e comezos do XXI uns repuntes que nos indican as dificultades dos sectores produtivos galegos para dar postos de traballo no propio país, non xa os que están aquí senón os moitos galegos que queren volver á súa terra.

As consecuencias da emigración, fóra de casos illados positivos, foron colectivamente negativas para o país. Ademais en moitas ocasións as remesas dos emigrantes non foron investidas en Galicia e noutros casos fíxose dunha forma especulativa que incluso afectou negativamente tamén os ecosistemas do país, a destrución da propia paisaxe.

O drama da emigración volve a recorrer a xeografía galega e como dicía Curros Enríquez *¡motivos ha de ter*!, ou como afirmaba Castelao na súa viñeta: *"Sí, sí; pero a xente vaise"*.

Xan Fraga Rodríguez

Que aquel que deixa seu natal curruncho
e fora dos seus eidos pon os pes
cando troca o seguro polo incerto,
¡motivos ha de ter!

Preguntaille, e dirávos que sin rego
o miñeiral, o lume sin cardés,
sin herba o gando e sin traballo o home,
non se poden manter.

Outos poetas poderiamos citar para epócas máis próximas como Luís Seoane, Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María. E que se a emigración ata os anos trinta do século pasado tivo como destino fundamental América, reanudándose (despois da paréntese da Guerra Civil e da II Guerra Mundial) en 1946 ata 1960, a partir desta data os países de destino serán sobre todo de Europa Occidental, así como as zonas máis desen-



Sí, sí; pero a xente vaise. Castelao.

Motivos **da emigración galega** (2)

Salvador Soutullo Carolo
Articulista e escritor. Retornado de Catalunya.

Dende a nosa asociación de emigrantes retornados fixemos varias actividades que nos poden indicar formas de valoración do feito migratorio, dos fluxos migratorios e concretamente do fenómeno da emigración galega no mundo enteiro.

Unha das actividades sociais que tivemos foi precisamente a conferencia de dous psiquiatras sobre o tema concreto da emigración, publicada posteriormente en formato libro e posta a disposición para todos os emigrantes.

Existen verdadeiros indicios de que o emigrante, en moitos dos casos, experimenta accións e reaccións aparentemente contrapostas: O emigrante sae de Galiza chorando, como ben escribe e conta Rosalía de Castro, e en moitas ocasións tamén volve á terra de orixe chorando.

Chora por abandonar ese universo que coñecía antes de marchar por máis limitado e miserento que este fose; e logo, ao pasaren 10, 20, 30, 40 ou 50 anos vivindo fóra, por marchar deses países que, no seu día máis desenvolvidos economicamente que Galiza, os acollera; tamén chora, no seu subconsciente, pola emoción do retorno á patria que o viu nacer. Chora porque sabe que abandona un país, unha nación ou un estado onde el presta a súa propia vida traballando e en consecuencia, os seus superiores valoran e respectan o seu traballo. Por iso, o emigrante en países europeos dubida á hora do retorno, non ten claro que dentro da Galiza territorial vaia ter ese mesmo respecto, ou esa mesma atención médica, o mesmo apoio social…

As actividades que desde a entidade realizamos son diversas. Entre elas, un xantar de confraternidade unha vez ao ano que combinamos con algún tipo de actividade lúdica ou cultural; pasamos o día todos xuntos e isto serve para coñecérmonos máis profundamente aqueles que non temos moita relación con xentes da asociación que tamén son emigrantes galegos retornados e mais para retomaren as relacións aqueles que xa se coñecían ou nos coñecemos de anos atrás.

Outra das actividades que intentamos realizar cada ano é unha excursión, que responde aos mesmos obxectivos que a anterior; e ademais, sérvenos para coñecer o territorio galego. Coñecer o territorio galego na súa amplitude é tarefa fundamental para fuxir de localismos ou provincialismos.

Tamén organizamos reunións operativas, ás que poderiamos denominar reunións sectoriais, e logo, as xerais. Son reunións sectoriais todas aquelas que buscan exercer presión sobre os gobernantes e ao mesmo tempo fomentar o autocoñecemento; por exemplo en relación ao tema das pensións. Son reunións xerais, por exemplo, as asembleas ou as reunións da propia directiva.

Pero, por que facemos todo isto?

Na conferencia que nos deron na libraría Couceiro os dous psiquiatras que analizaban o tema do retorno dos emigrantes con respecto aos problemas psiquiátricos, falouse de que os emigrantes retornados pasamos por dúas etapas de saudade ou morriña. A primeira prodúcese cando imos vivir fóra da nosa nación, fóra do territorio xeográfico que nos é propio. É nese momento cando nos

dan ataques de saudade ou morriña respecto á nosa terra. Non todos os pobos levan esa saudade até o punto onde a levamos moitos galegos.

Esa saudade ou morriña é a que nos leva en moitos casos a construírmos casas, a pasar uns días na nosa patria e incluso a pagar impostos sobre o IVE ou outro tipo de impostos na propia Galiza territorial aínda residindo a maior parte do ano fóra da Galiza. Isto exemplifícase cando dende América latina se enviaron cartos para facer escolas infantís. De feito, poderían terse chamado *emigraescolas* galegas, se cadra deste xeito non habería tanta amnesia colectiva.

Esta é unha das peculiaridades que temos fronte a outros pobos tamén cunha enorme diáspora como o andaluz.

Por que? A pesar de que nunca se poden facer afirmacións xerais sobre un pobo enteiro, contamos coa sintomatoloxía que cómpre para aventurármonos a dicir que, por exemplo, a maioría do pobo andaluz non retorna nun tanto por cento tan elevado como o pobo galego.

O pobo galego, aínda que de forma moi minifundista e miserenta, sempre tivo algo de seu. Iso fixo que moitos galegos no exterior do territorio xeográfico que nos é propio fundaran as súas propias empresas; estaban acostumados xa a ter algo de seu , pequenas propiedades na terra pero que non eran suficientes para vivir cunha mínima dignidade. Así, podemos falar dos galegos taxistas na emigración, dos que teñen pequenos restaurantes, algúns chegaron incluso a seren mestres na cociña etc.

O pobo andaluz, a diferenza do galego, non conserva propiedades minifundistas. Alí todo é dos grandes de España e entre eles, de maneira moi destacada, da duquesa de Alba.

Foi así como emigraron aldeas enteiras, por exemplo a Cataluña. Había fame e contra a fame non existen fronteiras, nin balados aramados e electrificados, nin mar polo medio, nin con papeis nin sen papeis. A fame non entende de nada, só de ir aló onde sexa preciso para poder comer algo.

Actualmente do continente africano emigran aqueles que poden pagar a viaxe, case sempre en condicións de irregularidade. Os que non teñen eses cartos, quedan, condenados á fame segura durante un tempo que descoñecen. Por iso, moitos dos que conservabamos un anaco do minifundio e a mais unha lingua propia, optamos polo retorno.

a **emigración** e as **linguas**

Lionel Rexes Martínez, *Mestre do Ensino Primario, nado en París.*

Falo galego acotío, aprendino como case todos os galegos, no núcleo familiar, con veciños e amigos, mais cunha salvidade, isto non aconteceu na Galiza, senón entre París e Madrid.

Sei que non represento ningunha excepción, mais este feito, aínda sendo frecuente no noso pobo, non deixa de ser descoñecido.

Non o tivemos –a segunda xeración- nin máis doado nin máis peado cós demais galegos, nomeadamente se temos en conta factores como a aculturación, o autoodio, a falta de institucións de noso até hai pouco máis de dúas décadas, o illamento social, etc. E cómpre salientar que na emigración morabamos –na meirande parte das veces- no seo dunha colectividade galega, ben máis grande cás aldeas que deixaran os nosos pais. Ao que asistimos realmente, foi a unha escolla entre un abano case sempre máis amplo, e sen a interferencia de mitoloxías lingüísticas. Non se optaba entre linguas ricas e pobres, grandes ou pequenas, oficiais ou populares, sinxelamente utilizábase racionalmente a lingua propia –o galego- e todas as demais –francés e castelán no meu caso- sen caer na idolatría idiomática nin moito menos en desprezos paifocos da caste: *Para que vai falar o galego se fóra de aquí non lle vai servir de ren?*

Na emigración non podíamos caer nese tendencioso "fóra de aquí", porque ese era precisamente o territorio onde nos desenvolviamos, e vaia se nos servía o galego! Servíanos para comunicarnos entre a colectividade, ser dignamente e respectuosamente diferentes e por riba de todo ser nós mesmos.

A colectividade, en moitas das cidades europeas (Madrid é o caso que mellor coñezo) non supoñía unha minoría social senón un grupo asentado en todos os niveis sociais e con presenza en todos os estamentos, institucións públicas e privadas e sectores varios daquela sociedade. O galego supoñía polo tanto unha sorte de código válido en moitas e innumerábeis instancias e situacións. Dende aquel funcionario que ao coñecer os teus apelidos che espetaba: *De que parte de Galiza es ti?* Até aquela compañeira da universidade coa que clarexas as diferenzas xeográfico-lingüísticas entre *antroido* e *entroido* ante un fato de abraiados descoñecedores do "código" –sorprendidos pola riqueza dunha lingua que consideraban residual- pasando pola ringleira de tendeiros que lograron introducir unha chea de termos galegos naquel microcosmos comercial que era o Mercado de la Cebada.

En xeral, aos membros da segunda xeración non se nos transmitiu –ou polo menos non con tanta virulencia- a concepción do galego como lingua menor, menos válida ou non homologada ao resto das linguas, xa que nos nosos fogares era a primeira entre moitas, e aínda no caso de que os máis novos non a falaran, coñecíana e respectábana coma o código do clan, un clan que ao cabo moraba fóra do seu chan, aínda que se atopase ben fornecido de comodidades.

Lembro as xuntanzas familiares cando eu era neno. Pais, tíos, curmáns, varias xeracións con percorridos vivenciais distintos, -todos con currículo migratorio mais todos con matices diferenciadores- amais da presenza de persoas que acabaran sendo da familia e que non tiñan vencello ningún coa cultura galega... Esta amálgama traía consigo a utilización de varias linguas indistintamente, ás veces a mesma persoa utilizaba unha ou outra dependendo da situación, da conversa, do xenio... Todos sen excepción entendíamos o galego, mesmo os que chegaran de fóra do clan para emparellar con alguén de dentro. Francés e castelán vagabundeaban polas conversas, namentres, o galego enseñorábase nas narracións, achegaba elegancia á oralidade e asemade transmitíase aos máis novos. Os novos algún día volverían ao solo do clan, si, volverían! Non sempre a diáspora ten que supor afastamento xeracional, ou esa reflexión tan dolorosa: *É que os fillos xa son daló*. Coñezo varios exemplos nos que os fillos se adiantaron aos pais no retorno, e ningún deles nacera ou se criara na Galiza, na miña bisbarra hai varios casos, todos eles membros da segunda xeración nados nos '60 nos '70 e mesmo nos '80, congratúlome de compartir parentesco e mesmo apelido con todos eles. É boa proba de que a transmisión, non só da lingua, senón tamén do feito de ser dignamente e respectuosamente diferentes, deu froito.

Lionel Rexes Martínez

sobre a **inmigración**: crise **económica** e novas **propostas**

Miguel Fernández Blanco.
Voceiro do Foro Galego de Inmigración

Esta primavera o Parlamento Español debaterá sobre unha modificación na Lei de estranxeiría obrigado por unha sentenza do Tribunal Supremo, que esixe cambiar algúns artigos da lei actual (aprobada a finais do ano 2000 no gabinete Aznar da maioría absoluta e que tivo unha modificación parcial no ano 2003 como consecuencia dun pacto entre Aznar e Zapatero, entón aínda na oposición).

Concretamente, o Alto Tribunal ordenou cambiar aqueles artigos que lle negaban dereitos fundamentais ás persoas inmigrantes en situación de irregularidade, como o dereito de folga ou de sindicación. Un cambio obrigado pois, que se produce nun contexto socioeconómico dominado por unha situación de crise económica e de forte incremento do desemprego. Esta situación é a razón pola que dende o verán de 2008 estamos a ver posicionamentos primeiro e medidas logo (como a do retorno voluntario, que permite o cobro acumulado dunha parte importante da prestación por desemprego a cambio de retornar ao país de orixe ou de procedencia; ou o peche case total dos catálogos de ocupacións de difícil cobertura, que estabelecen as ocupacións ás que poden acceder os inmigrantes que queiran vir traballar ao noso país), que de forma inequívoca pretenden transmitir a idea de que os traballadores inmigrantes deben, se poden, retornar aos seus lugares de procedencia e dende logo, evitar a chegada de novos residentes estranxeiros.

Respecto ao Anteproxecto da Lei de Estranxeiría, proposto polo goberno central e que servirá de base ao debate parlamentario**, aínda que lle** recoñecemos certos elementos positivos, como a concesión co reagrupamento familiar dunha autorización de residencia e traballo para as persoas reagrupadas; a posibilidade dunha saída voluntaria previa ao inicio de procedementos de expulsións para as persoas en situación de irregularidade administrativa; a posibilidade de que ONG poidan entrar nos Centros de Internamento de Estranxeiros por pedimento das persoas inter-



nas; ou a posibilidade de que as comunidades autónomas que teñan recollidos nos seus estatutos as competencias na autorización inicial de traballo poidan facela efectiva. Entendemos que globalmente a reforma proposta é fondamente restritiva e negativa polas seguintes razóns:

1.- Restrinxe de maneira substancial o reagrupamento familiar para os ascendentes de residentes, só limitado aos de longa duración (cifrada en cinco anos de estancia).
2.- Favorece a apertura da posibilidade de repatriación de menores inmigrantes, baseándose na garantía dos servizos de atención a menores dos seus países de orixe. Posibilidade esta moi discutíbel no caso de países como Marrocos, por exemplo.
3.- Supón o intolerábel aumento do prazo de estancia nos centros de internamento de estranxeiros até os 60 días (cando antes eran só 40).
4.- Sobre todo, porque se basea na persecución sistemática da poboación inmigrante en situación de irregularidade administrativa e no peche das fronteiras, até o punto de considerar como actuacións delituosas as realizadas por asociacións, entidades e persoas particulares que axudan, socorren e facilitan a vida das persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa.

Estabelece así ademais, unha coartada legal para as actuacións de persecución contra a poboación inmigrante residente no Estado español, que xa dende hai varios meses veñen denunciado moi diferentes organizacións en varias partes do Estado.

Nós negámonos a aceptar esa visión intencionadamente criminalizadora na que tanto insiste este anteproxecto do Goberno central, cando en realidade, a inmigración é tan fondamente positiva para o conxunto da poboación galega e española.

Como diciamos, o cambio legal vén acompañado nestes últimos meses dunha serie de denuncias, mesmo por parte de sindicatos policiais, que poñen de manifesto que existen instrucións políticas para perseguir de forma organizada e continuada a poboación inmigrante en situación de irregularidade administrativa, incluso coa selección de procedencias das persoas perseguidas. Xunto a isto, os controis nas fronteiras (especialmente na fronteira de que actúa Baraxas) aumentan de forma espectacular as denuncias continuas ante a prohibición de entrada a persoas que chegan en avión con visados ou con outro tipo de documentación ás que debía permitir a súa entrada normalizada.

Outra parte da realidade, pequena aínda, pero que ás veces se presenta como a xeral,, son as pateras, os caiucos

Galicia
ACOLLE
Asociacion para a Integracion de Inmigrantes Estranxeiros

etc., asociados con actuacións nos países africanos de saída e que nos pretenden vender como axuda humanitaria e mesmo como cooperación internacional, cando non é máis que o pago a gobernos corruptos africanos para que eles mesmos controlen policial e militarmente as persoas que pretenden viaxar a Europa.

No fondo desta situación que estamos a analizar xace a consideración da poboación inmigrante como mera forza de traballo, aínda máis, forza de traballo para aquelas ocupacións necesarias e que os traballadores estatais non queren desenvolver. O contexto de crise económica e de aumento do desemprego, en aparencia, favorece esta visión policial e represiva das políticas e das actuacións cara ao colectivo inmigrante.

En Galiza, como elemento específico de incerteza, atopámonos co cambio de goberno tras as eleccións do 1 de marzo. Non parecen neste sentido abrirse perspectivas moi positivas co novo goberno cara a poboación inmigrante de Galiza. Unha poboación de só algo máis de 95.000 residentes, a maioría portugueses e latinoamericanos, o que facilitaba a posibilidade de termos sido un modelo de integración e convivencia intercultural. Pero a realidade foi que o goberno bipartito non apostou por unha política propia, e asociou as actuacións dirixidas ao colectivo inmigrante residente en Galiza coas actuacións dirixidas aos galegos residentes no exterior. O resultado, pouco traballo realizado e moi inconexo, mesmo clientelar nalgunhas ocasións.

De todos os xeitos, no Foro Galego de Inmigración seguimos a loitar pola defensa dunha sociedade con iguais dereitos e deberes para todos e para todas, xa que só así poderá ser verdadeiramente intercultural. Estamos preparados, pero sabemos tamén que se aveciñan tempos de moito traballo e de poucos resultados prácticos. Nós, polo menos, prometemos seguir actuando con forza e de forma contundente e clara, con nós podedes contar. Sen dúbida o futuro ha ser intercultural e tamén mellor para todos e para todas.

Marusía apoia o **colectivo** de **emigrantes** retornados

Mariña Balbanera Fariña
Xornalista e colaboradora de Marusía

Victoria Portas e Manuel Domínguez responden sobre os problemas dos emigrantes

Victoria Portas, Manuel Domínguez e José Cougil resolveron as dúbidas que expuxeron os asociados de Marusía. A charla converteuse nun diálogo persoal de cada asociado para resolver preguntas. As demandas máis frecuentes dos afectados eran as referentes ao mantemento das pensións de invalidez e outro tipo de dereitos sanitarios, como a tarxeta de seguridade social.

Os problemas das pensións de invalidez xunto cos baixos subsidios que equivalen a toda unha vida laboral cotizando foron o foco do debate en que se centrou a primeira conferencia do curso de Marusía.

Esta asociación fundada en 2001 e sen ánimo de lucro, pretende axudar os galegos retornados, especialmente de Suíza, na súa volta a Galicia e onde atopan que hai cuestións que non teñen a mesma validez.

Como insistiu Victoria Portas, delegada da CIG e empregada no Concello de Pontevedra en relación laborais, os prexudicados deben estar informados en todo momento. Suíza, ao non ser un país membro da Unión Europea, só ten un acordo, polo que as leis en que se ba-

sea poden modificarse sen lexitimidade ningunha.

Os emigrantes retornados que viñeron desde toda Galicia á conferencia non só procedían de Suíza, senón que os había tamén de Francia, Italia, e Liechtenstein. Pero, sen ningunha dúbida, os máis afectados eran os procedentes de Suíza e Liechtenstein, países que non pertencen á Unión Europea.

O non ser país da UE o que os acolleu no seu momento, é un dos maiores problemas que se atopan os retornados. Os presentes mostran as súas preocupacións polo mantemento de pensións de invalidez, que noutros países non tería ningún problema. Ademais disto engádese que, os que si reciben unha pensión do país alpino, non teñen a seguridade de percibir todos os meses a mesma cantidade de diñeiro, polas flutuacións do franco suízo.

O feito de tratarse de Suíza e non de calquera outro país da UE non dá seguridades. Entre Suíza e España existen moitas diferenzas en materia de incapacidades laborais. As metodoloxías á hora de establecer enfermidades invalidantes non son moi diferentes con respecto aos dous países. Suíza ten unha división porcentual no grao de invalidez, que en ningún caso se recoñece por algún nome, só se trata de porcentaxes. España diferenza invalidez e minusvalía. Ademais, distingue a incapacidade en total, gran absoluta e absoluta, que van nunha representación desde o 75% ata o 120%. Outro dos inconvenientes que presenta España é que as competencias dentro deste ámbito son pouco claras para os afectados. En materia de incapacidade é a nivel estatal, e as minusvalías trátanas as comunidades autónomas.

As grandes diferenzas entre países á hora de establecer as incapacidades no ámbito laboral, orixinan un gran baleiro legal en que se apoian os estados para retrasar e mesmo denegar as pensións de invalidez.

Unha das cuestións que demandaron os afectados era a referente á obtención da tarxeta sanitaria. Algúns emigrantes retornados expuxeron as contradicións que reciben de moitos organismos que non lles establecen os puntos necesarios para a súa obtención. Algún damnificados tiveron que chegar a pagar por unha tarxeta que, ao estar cotizando, sería gratuíta.

Victoria Portas mostrou o seu interese polos problemas dos presentes e rematou entregando a todo aquel que dispuxese, dun teléfono de dúbidas da CIG para asuntos laborais. O sentimento mostrado en todo momento pola asociación foi de ánimo e optimismo. Portas engadiu a necesidade de animar á xente para asociarse e para poder levar a cabo propostas a nivel europeo. Segundo a conferenciante, esta forma de presión sería a única que teña futuro e non "cada caso non é único, se estades todos aquí é porque tedes todos os mesmos problemas". Estes actos son necesarios para aqueles emigrantes que na volta ao seu país de destino non coñezan as trabas burocráticas.

Portas pide compromiso

Victoria Portas, a principal poñente da charla, afirmou que as solucións e as respostas estatais só serán posibles cando exista máis unión entre o colectivo galego.

A conferenciante respondeu sagazmente ante unha pregunta moi persoal dun dos presentes, afirmado que "hai que botarlle ganas, porque unha asociación non funciona se non ten o respaldo dos seus asociados".

Isto sucedeu porque momentos antes de comezar a charla, e ante a petición da asociación de tomar fotos, ningún deles quixo mostrar o seu rostro ante as cámaras.

Manuel Domínguez, presidente de Marusía, expresou a tendencia pola discreción coa que certos asociados queren resolver problemas propios, pero que son colectivos con fondo social, sen facerse ver publicamente.

"O EVI é prexudicial para nós"

Este era un dos comentarios máis repetidos de toda a xornada por parte dos asociados desprazados desde toda Galicia e que estiveron en todo momento moi atentos a todo o que se expoñía no coloquio.

Segundo Manuel Abelleira, un dos membros máis en activo da asociación, o coñecido como EVI (Equipo Médico de Valoración e Incapacidades), é unha trampa para os que como el levan toda a súa vida noutro país, e chegan a España con pensións de incapacidade que logo non se aceptan.

Os formularios para a confirmación de incapacidades, o E-213, que complementaron algún presentes no seu discurso, mostra incoherencias claves, como que presentando unha incapacidade do 100%, o afectado pode realizar traballos na casa ou diante do ordenador.

En moitos casos, a forma en que se cobren os informes, pode chegar a quitar as pensións de invalidez.

Isabel Vicente, era unha das afectadas, que explicou o caso do seu marido, que cunha incapacida de total, quitáronlla. Esta parella está en situación de espera porque recorreron a sentenza.

As persoas que se ven na situación desta parella, afirman que o máis negativo do formulario é que as respostas se envían aos afectados moi tarde, e non poden facer nada máis que recorrer aos avogados.

Os afectados reclaman unha maior profesionalidade dos médicos e maior cortesía por parte do Instituto Nacional de Seguridade Social, con eles.

A inseguridade dos afectados, por non coñecer o sistema de seguridade social español, fai máis difícil esta loita en común.